

## INFORME SOBRE A MEMORIA DE CALIDADE DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

O 21 de maio de 2021 recíbese na Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) a Memoria de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado correspondente á revisión do curso 2019-2020 solicitando o informe técnico. A memoria foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro de acordo co proceso PE-02 Revisión e mellora do Sistema de Garantía de calidade.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

De acordo co proceso de Revisión e mellora (Código: PE-02) a análise de funcionamento de cada un dos títulos e do SGC de forma global queda recompilada na Memoria de Calidade do Centro, que pecha o ciclo de calidade anual do centro.

A figura da acreditación institucional, introducida polo Real decreto 420/2015 do 9 de maio, abre un escenario novo, no que a Memoria de Calidade de cada centro debe constituír o documento que recolla o seguimento dos títulos e do propia Sistema de Garantía de Calidade.

Deste xeito, o centro deberá analizar o desenvolvemento e os resultados dos seus títulos así como o funcionamento do seu Sistema de Garantía de Calidade, tendo en conta a súa planificación estratéxica e os seus obxectivos, no marco da planificación da institución.

### INFORME:

A Memoria de calidade 2019-2020 da Facultade de Formación do Profesorado, recolle os contidos mínimos establecidos:

- Introducción
- Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados
- Plan de melloras
- Modificacións nos diferentes títulos
- Listaxe de evidencias e indicadores

En cada apartado realízanse as análises e reflexións oportunas, realízase o seguimento das melloras formuladas en anos anteriores, propóñense melloras a implantar nos títulos e no centro para o seguinte ciclo e analízase o funcionamento do Sistema de garantía de calidade, polo que se informa **favorablemente** o documento.

De acordo co proceso establecido, a vicerreitoría con competencias en calidade daralle traslado á Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello do Goberno que poderá, de ser o caso, formular recomendacións.

José Manuel Villanueva Prieto

Xefe da Área de calidade e Mellora dos Procedementos

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** JOSE MANUEL VILLANUEVA PRIETO, XEFE DA AREA DE CALIDADE E MELLORA DE PROCEDEMENTOS, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 01/06/2021 14:02:37.

**CSV:** FAA7-6BA3-4EE6-BF97